

IMOS TODOS

Houbo un tempo de ruínas no que medrou o medo cara dentro. Mancos de luz, vagamos polo corredor das nosas casas como a mendiga tola dos camiños e albiscamos o rumbo das estrelas dende balcóns e galerías. Mais sementáronnos acá, en Sarria, e remexeron con nos a terra. Velaí como dela rebentan fontes e agroman millos entre as silveiras polo vigor dos nosos pulsos. Avanta, meu pobo ! xa chegou a hora de vestir andoriñas e de espertar ás cabeceiras verdes das rosiñas novas. Érguete axiña, meu pobo ! para ti hai un xuño mozo con sabor a cereixas. Polo que sempre fomos e polo nunca perdido, voaremos con paso firme porque noso é tamén o refacho de vento que nos leva. Iremos todos. Iremos xuntos. Sempre coa forza crúa das verbas que algún día moveron montañas. Que a choiva fonda nunca nos quite de ver a pradeira azul desta terra que vive pouco a pouco.

Nunca esquecería, nunca,
VIVIR aínda que sexa un intre.
Logo das cidades varadas
e da pobreza das horas,
ERGUEREMOS o alento
como naves de basalto.
Contra os paxaros do silencio,
roseiras vivas;
contra os círculos da soidade,
colos de nai.
A pesares de todo, acá,
aínda medra luz nun corazón vello
cunha sorte de lume indómito.
Acó. Nesta TERRA.

María Elena López González